



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliación s medias outubro 2017

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2017

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de outubro deste ano 2017 acadou a cifra de 989.904 para o total do sistema, o que supón un descenso respecto ao pasado mes de setembro de 2.354 afiliacións (un -0,24%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 18.430.529, rexistrando un incremento do 0,51% con respecto a setembro de 2017.

Na comparativa interanual (outubro de 2017 con outubro de 2016) obsérvase un incremento de 18.352 afiliacións no total do sistema en Galicia (un 1,89%), e un incremento do 3,46% (617.173 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de setembro de 2017 hai unicamente seis comunidades autónomas con taxas intermensuais negativas: Aragón, Galicia, Cantabria, La Rioja, Castilla La Mancha e Illes Balears. En senso contrario, as comunidades onde máis soben as afiliacións son Comunitat Valenciana (2,18%), País Vasco (1,34%), Madrid (1,31%), Andalucía (1,25%) e Canarias (1,02%).

En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior todas as comunidades amosan taxas positivas agás La Rioja. Os maiores incrementos rexístranse en: Illes Balears, Canarias, Comunitat Valenciana, Murcia, Madrid, Andalucía, Cataluña, Aragón e Navarra (todas elas con taxas por riba do 3%). Galicia presenta unha das taxas de variación relativas interanuais máis baixas (1,89%) superando porén a: País Vasco, Asturias, Cantabria, Castilla y León, Ceuta e Melilla e La Rioja. No conxunto do estado atopamos un valor positivo do 3,46%.


Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA OUTUBRO 2017	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	18.430.529	94.368	0,51	617.173	3,46
Galicia	989.904	-2.354	-0,24	18.352	1,89
Andalucía	2.958.607	36.509	1,25	109.577	3,85
Aragón	553.376	-465	-0,08	19.470	3,65
Asturias	360.593	451	0,13	6.115	1,73
Illes Balears	509.534	-36.139	-6,62	26.360	5,46
Canarias	778.782	7.892	1,02	35.313	4,75
Cantabria	212.424	-1.716	-0,80	3.594	1,72
Castilla La Mancha	679.520	-10.870	-1,57	17.410	2,63
Castilla y León	908.304	1.820	0,20	11.830	1,32
Cataluña	3.304.074	1.702	0,05	119.638	3,76
Comunitat Valenciana	1.813.565	38.607	2,18	78.943	4,55
Extremadura	386.105	825	0,21	8.377	2,22
Madrid	3.043.584	39.219	1,31	115.377	3,94
Murcia	550.626	5.211	0,96	22.491	4,26
Navarra	275.577	2.033	0,74	8.220	3,07
País Vasco	937.437	12.378	1,34	17.012	1,85
La Rioja	124.981	-1.846	-1,46	-1.025	-0,81
Ceuta e Melilla	43.535	1.113	2,62	119	0,27

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

1

O Ministerio de Trabajo e Inmigración dende o informe de xullo de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad social

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado nas catro provincias galegas. Pontevedra é a provincia que presenta o maior incremento interanual nas afiliacións cunha taxa de variación do 2,49%, o que supón 8.323 afiliacións máis, seguida de A Coruña, cunha taxa interanual do 1,92% e 7.997 afiliacións máis que en outubro de 2016. Lugo rexistrou unha taxa de variación do 1,13%, 1.357 afiliacións máis, e Ourense é a provincia con menor incremento relativo, 0,66%, con 675 afiliacións máis que en outubro de 2016.

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de outubro con respecto ás do pasado mes de setembro de 2017, rexistrouse un descenso en Galicia do -0,24%. Tres das catro provincias galegas amosan datos negativos sendo A Coruña, cunha taxa de 0,18% e 750 afiliacións máis a única que reflicte un comportamento positivo.

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA OUTUBRO 2017	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	424.021	750	0,18	7.997	1,92
LUGO	121.568	-290	-0,24	1.357	1,13
OURENSE	102.196	-433	-0,42	675	0,66
PONTEVEDRA	342.119	-2.381	-0,69	8.323	2,49
GALICIA	989.904	-2.354	-0,24	18.352	1,89
ESPAÑA	18.430.529	94.368	0,51	617.173	3,46


Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 76,2% das afiliacións galegas en outubro de 2017, descenderon un 0,26% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un incremento do 2,80%. En España estas taxas foron do 0,63% con respecto a setembro de 2017 e do 4,08% en relación ao mes de outubro de 2016. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (69,6%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos todas as provincias galegas amosan taxas de crecemento interanuais negativas. O descenso medio da comunidade galega situouse no -0,91%, sendo Lugo e Ourense as que amosan peor comportamento, cunhas taxas negativas do -1,38% e -1,32% respectivamente. Para este réxime e con respecto ao mes pasado, estas taxas son tamén negativas en todas as provincias galegas, tendo así unha taxa do -0,24% para o conxunto de Galicia. A taxa nacional para este réxime presenta porén variación positiva con respecto a setembro de 2017 (0,05%) e positiva tamén con respecto a outubro de 2016 (0,74%).

No que respecta ao réxime especial do mar, as taxas con respecto a outubro de 2016 son negativas nas tres provincias costeiras, sendo A Coruña a que rexistra o maior descenso (-1,95%). As taxas intermensuais amosan diferente comportamento para as tres provincias; A Coruña ten unha taxa de variación positiva (3,41%) e neste caso son Lugo e Pontevedra as que teñen o peor comportamento (-1,24% e -0,70% respectivamente). A taxa galega amosa un incremento do 0,43% con respecto ao pasado mes de setembro e do -0,93% se a comparación se realiza con outubro de 2016.




Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

Cadro 3.- AFILIACIÓNS POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA OUTUBRO 2017	VARIACIÓNS RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	424.021	0,18	1,92
LUGO	121.568	-0,24	1,13
OURENSE	102.196	-0,42	0,66
PONTEVEDRA	342.119	-0,69	2,49
GALICIA	989.904	-0,24	1,89
ESPAÑA	18.430.529	0,51	3,46
R. XERAL			
A CORUÑA	331.014	0,19	2,76
LUGO	84.566	-0,24	2,24
OURENSE	77.051	-0,52	1,33
PONTEVEDRA	261.222	-0,75	3,48
GALICIA	753.853	-0,26	2,80
ESPAÑA	15.144.839	0,63	4,08
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	86.632	-0,12	-0,87
LUGO	35.414	-0,20	-1,38
OURENSE	25.145	-0,12	-1,32
PONTEVEDRA	67.071	-0,47	-0,56
GALICIA	214.262	-0,24	-0,91
ESPAÑA	3.217.902	0,05	0,74
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	6.375	3,41	-1,95
LUGO	1.587	-1,24	-0,13
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	13.827	-0,70	-0,55
GALICIA	21.789	0,43	-0,93
ESPAÑA	65.309	-3,25	0,24

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.mtas.es>